



RESOLUCIÓN ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Asunto: Desestimento unilateral da Administración do procedemento de selección convocado polo Concello de Porto do Son para a contratación de socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo das praias do Concello (expediente 1496/2023).

ANTECEDENTES

Mediante Resolución da Xunta de Galicia de data 13/06/2023, (R. Entrada nº 2023-E-RC-3837 de data 14/06/2023), se concede unha subvención para a contratación de 9 socorristas a xornada completa, baixo a modalidade de contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego por un período de dous meses.

Mediante Decreto de Alcaldía nº 739/2023 de data 05/07/2023, se aprobaron as bases de selección de persoal laboral temporal de socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo das praias do concello, subvencionado pola Xunta de Galicia, Exp: TR351A 2023/29-1.

Por este Concello solicitouse oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), nº de oferta: 12-2023-7746, Emprego: BAÑISTAS-SOCORRISTAS, e tal e como se recolle no punto 7º das bases de selección: O prazo de presentación de solicitudes era de un (5) cinco días hábiles a contar desde o día seguinte ao do chamamento telefónico ou comunicación vía correo electrónico por parte do Concello aos aspirantes enviados pola Oficina de Emprego, trámite realizado mediante comunicación vía correo electrónico en datas 5 de xullo de 2023, non recibíndose ningunha solicitude ao respecto.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Logo de ver o disposto no artigo 93 da LPAC onde se indica: “ Nos procedementos iniciados de oficio, a Administración **poderá desistir, motivadamente**, nos supostos e cos requisitos previstos nas Leis”.

Logo de ver a xurisprudencia emanada ao efecto (STSJ de Madrid 19/2019 de 14.01.2019 en rec 695/2018; STSJ de Galicia 882/2013, de 18.12.2013 en recurso 348/2013; STS de 26 de abril de 2013, rec 2314/2010; ...) recoñecendo a posibilidade de desestimento unilateral da Administración por razóns debidamente motivadas.

Considerando que pese á efectuarse a solicitude de oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SEPG), tal e como esixían as bases da selección, e unha vez realizado o trámite do chamamento aos aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego, non se presentou ningunha solicitude de participación neste proceso selectivo no prazo de 5 días concedidos ao efecto, resultando inviable a prestación do servizo de socorrismo pretendido, polo carecendo así de obxecto a realización do citado procedemento de selección ao non ser posible a selección de máis candidatos.

Por todo o exposto, e de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, coa presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Desistir unilateralmente do procedemento de selección convocado mediante Decreto de Alcaldía nº 739/2023 de data 05/07/2023, para a contratación laboral temporal de socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo das praias do concello, subvencionado pola Xunta de Galicia, expediente TR351A 2023/29-1.





SEGUNDO.- Comunicar a presente resolución ao órgano subvencionante aos oportunos efectos, así como dar conta da mesma á Xunta de Goberno Local na primeira sesión posterior que se celebre.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da Corporación e na sede electrónica municipal: [https:// portodoson.sedelectronica.gal/](https://portodoson.sedelectronica.gal/) con expresión do seguinte réxime de recursos aplicables:

RECURSOS: Contra este **acordo que pon fin á vía administrativa**, poderá interpoñerse potestativamente **recurso de reposición**, no prazo **dun mes**, a contar dende o seguinte día hábil á recepción da presente notificación diante do **Alcalde- Presidente**. Se transcorrido **un mes** dende a interposición do recurso **non se recibiu resolución expresa** do mesmo, terase por **desestimado** e poderase interpoñer o **recurso contencioso- administrativo** ante o Xulgado Contencioso- Administrativo, no prazo **de 6 meses** a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa. No caso de **resolución expresa desestimatoria** do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso- administrativo será de **dous meses** ante o órgano da Xurisdición Contencioso- administrativa.

De tódolos xeitos, pódese interpoñer **directamente o recurso contencioso- administrativo**, sen necesidade de interpoñer previamente o recurso de reposición, ante o órgano da Xurisdición Contencioso- Administrativa, no prazo de **dous meses** a contar dende o seguinte día hábil á recepción da presente notificación, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o interesado estime pertinente.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para que os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

